

Kalandraka

NOVEDADES
COLECCIONES
AUTORES Y AUTORAS
LIBROS POR IDIOMA
LIBROS POR EDAD
CATÁLOGOS

PROYECTO KALANDRAKA: LIBROS
PARA SOÑAR
FAKTORÍA K DE LIBROS
CONTACTO
DISTRIBUCIÓN
NOTICIAS
ENLACES
PREMIO COMPOSTELA

CASA K
TIENDA
ÁREA PERSONAL

BLOG

BUSCADOR AVANZADO

31-ENE-2018

'CERVATOS', DE LUCÍA NOVAS



A poeta [Lucía Novas](#) presentou no seu Bueu natal o seu novo poemario, [Cervatos](#), publicado na colección [Tambo](#) de Faktoría K. Na Sala Amalia Domínguez Búa estivo acompañada polo profesor e crítico literario Ramón Nicolás, e polo director da colección [Tambo](#), Luis Rei Núñez. O gusto polas atmosferas *kitsch*, a beleza do efémero e a riqueza de obxectos superfluos marcan o estilo desta obra, que bebe das fontes do videoclip e do cinema, da música e da cultura audiovisual contemporánea.

A diferenza dos dez títulos de [Tambo](#) precedentes, os poemas de [Cervatos](#) teñen un carácter fragmentario, están elaborados a base dun atrevido colaxe de palabras enxertadas con tino, sensibilidade e lirismo. A autora amosa un mundo urbano, nocturno e inhóspito; mais tamén recolle o pouso e a autenticidade do mundo rural. Trátase, en conxunto, dunha poética híbrida entre memoria e cosmopolitismo, que aposta pola mestizaxe entre o popular e o vangardismo. Tampouco elude a crítica á posmodernidade, ao carácter fuxidío e fugaz dunha realidade na que se identifica os individuos como fráxiles cervatos expostos ao teimudo, fascinante e implacable paso do tempo.



Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, Lucía Novas é docente nun instituto de Pontevedra. Da súa faceta literaria, destaca como autora dos libros *Epiderme de estío* (2001, Premio de Poesía do Concello de Carral), e *Neve* (2010, Premio de Poesía Johán Carballeira). Tamén participou nas antoloxías *Das sonoras cordas* (2005), *Poetízate: antoloxía da poesía galega* (2006), *Erato: baixo la piel del deseo* (2010) ou *Novas de poesía: 17 poetas* (2014). Ademais, ten colaborado en publicacións como Grial, Dorna, PolpA, Casa da Gramática ou Escrita Contemporánea. Os premios Minerva, Universidade de Vigo e Faustino Rey Romero completan polo momento os recoñecementos que ten colleitado como escritora.

"Cervatos" súmase aos poemarios dos galegos [Manuel Álvarez Torneiro](#) -Premio Nacional de Poesía 2013-, [Xavier Seoane](#), [Martín Veiga](#), [Luís Rei Núñez](#) e [Cesáreo Sánchez Iglesias](#) que viron a luz en [Tambo](#), xunto coa obra do catalán [Antoni Marí](#) e do vasco [Joseba Sarrionandia](#), entre outros autores.

≡ ≡ ≡ ≡

Trala introdución de Luis Rei Núñez, Ramón Nicolás foi quen trazou o perfil literario da autora e as claves líricas de [Cervatos](#). A súa achega serviu para informar e emocionar, revelando a lectura desta obra como unha oportunidade certa para o deleite e a reflexión.

Buscar:

Entradas recentes

- [KALANDRAKA COLABORA CON 'APRENDEMOS EN CASA'](#)
- [PREMIOS GALA DO LIBRO 2020](#)
- [XIII PREMIO COMPOSTELA: ACTUALIZACIÓN](#)
- ["¡A LA LUNA, A LAS DOS Y A LAS TRES!", PREMIO FUNDACIÓN CUATROGATOS 2020](#)
- [LECTURAS DE PAZ](#)

Comentarios recientes

- [LOS CUENTOS | Educación Infantil en 10 TÍTULOS 'DE LA CUNA A LA LUNA'](#)
- [Kalandraka - Blog K en ENTREGA DEL XI PREMIO CIUDAD DE ORIHUELA: ¡A LA LUNA, A LAS DOS Y A LAS TRES!](#)
- [CONTOS POLO PLANETA | en LECTURAS DE PAZ](#)
- [Kalandraka - Blog K en DÍA DE LA POESÍA CON 'CARA DE VELOCIDAD', DE MARGA TOJO](#)
- [Kalandraka - Blog K en XI PREMIO COMPOSTELA: ACTO DE ENTREGA](#)

Archivos

- [mayo 2020](#)
- [abril 2020](#)
- [enero 2020](#)
- [diciembre 2019](#)
- [noviembre 2019](#)
- [octubre 2019](#)
- [septiembre 2019](#)
- [agosto 2019](#)
- [junio 2019](#)
- [mayo 2019](#)
- [abril 2019](#)
- [marzo 2019](#)
- [febrero 2019](#)
- [enero 2019](#)
- [noviembre 2018](#)
- [octubre 2018](#)
- [septiembre 2018](#)
- [junio 2018](#)
- [mayo 2018](#)
- [abril 2018](#)
- [marzo 2018](#)
- [febrero 2018](#)
- [enero 2018](#)
- [diciembre 2017](#)
- [noviembre 2017](#)
- [octubre 2017](#)
- [septiembre 2017](#)
- [julio 2017](#)
- [junio 2017](#)
- [mayo 2017](#)
- [abril 2017](#)
- [marzo 2017](#)
- [febrero 2017](#)
- [enero 2017](#)
- [diciembre 2016](#)
- [noviembre 2016](#)
- [octubre 2016](#)
- [septiembre 2016](#)
- [agosto 2016](#)
- [julio 2016](#)
- [junio 2016](#)
- [mayo 2016](#)
- [abril 2016](#)
- [marzo 2016](#)
- [febrero 2016](#)
- [enero 2016](#)
- [diciembre 2015](#)
- [noviembre 2015](#)
- [octubre 2015](#)
- [septiembre 2015](#)
- [agosto 2015](#)
- [julio 2015](#)



Polo xeral adóitase, nunha presentación, falar do libro que nos xunta e, se cadra, non tanto do autor ou autora. Ídesme permitir que, nunha primeira instancia, fale da autora, de Lucía Novas para o que, ademais, e aínda correndo o risco de ser un chisco inoportuno, tamén vos fale de min porque actuamos, escribimos cos "fíos da vida", como dicía o noso querido Agustín Fernández Paz, invisibles pero tantas veces perennes e sempre resistentes na memoria.

Hai algúns anos unha antiga profesora, que o foi de moitas persoas que andamos por aquí, Camiño Noia, telefonoume inesperadamente por se quería substituír durante un tempo na Facultade de Filoloxía de Vigo ao profesor Gonzalo Navaza, que se recuperaba devagar dun grave accidente. Sen pensalo como debería dixer que si e compatibilicei, ao longo dun ano e medio máis ou menos, o exercicio da docencia no instituto no que traballaba e traballo aínda hoxe, e algunhas materias que me correspondían para alumnado de primeiro de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo.

Lembro aquela experiencia como esgotadora física e intelectualmente, pero gozosa, talvez das máis gozosas que a práctica do ensino me brindou ata hoxe. Gozosa, en esencia, porque me posibilitou, sobre outras moitas cousas, coñecer e compartir, xa non só algúns coñecementos e actividades relativas, por exemplo, á nosa literatura contemporánea, que talvez aprendín a ver desde outra perspectiva e que sigo valorando, sen dúbida nun posicionamento chauvista, como a mellor do mundo, porque é nosa e nos define no mundo. Dicía que foi unha experiencia que mesmo me formou porque me resultou operativa para confirmar como un grupo de persoas moi novas querían formarse, e diría que con entusiasmo, nos camiños da filoloxía e, máis concretamente, nos camiños da filoloxía galega. Daquel grupo, moi numeroso, tanto que nuns primeiros momentos me asustaba, conservo na memoria, talvez polo seu interese, pola vontade de sempre saber máis, pola colaboración que me prestaron e por unha actitude aberta e sempre xenerosa, a algunhas persoas como -e desculparme outras que agora mesmo esquezo- como Iago Castro, Laura Montes, María Besteiros, Iria Collazo e, loxicamente, Lucía Novas.

Pasou o tempo, eu volví ao ensino medio onde felizmente sigo e fun observando como estas persoas, e outras moitas, foron converténdose en magníficos profesionais docentes e, nalgún caso, desenvolvendo con mérito labores noutros ámbitos que teñen que ver co mundo da edición ou da investigación. Ademais, algunhas daquelas persoas comezaban a dar os seus primeiros pasos no traballo literario creativo en lingua galega, o que sempre produce -e desculpenme de novo- esa confesable, porque estamos entre amigas e amigos, pequena satisfacción como docente que produce o feito de constatar como persoas das que con seguridade aprendín eu máis delas ca elas comigo se incorporan, con paso firme e talento, ao mundo da creación literaria en lingua galega..., probablemente haxa poucas cousas, para min, máis fermosas.

Ou, se cadra pode habelas, cando neste mesmo lugar, hai algún tempo, dúas daquelas persoas ás que citei, concretamente Iria Collazo e Lucía Novas, realizan unha disección, garimosa e fantástica e que aínda conservo na memoria, sobre unha novela que aquel seu profesor publicara tamén con certa inconsciencia. E hoxe tócame, claro é, vivir outra desas experiencias que moitas persoas non gozan da posibilidade de vivir, isto é, dicir unhas palabras sobre un libro daquela Lucía Novas, hoxe convertida nunha poeta salientable que camiña, desde hai anos xa, con pasos firmes no ámbito da poesía contemporánea.

Lucía é probable, estou convencido, que xa escribía naqueles anos compartidos en Marcosende pero, como sabedes, é unha voz galardeada en numerosos concursos literarios e, presenta, ata o de hoxe, unha obra poética singular e senlleira conformada por tres volumes como son *Epiderme de estío* (2001), *Neve* (2010) e *Cervatos*, que aquí nos xunta. Lucía é unha autora, como podedes advertir no que se refire ao espazo temporal que van marcando as datas de publicación dos seus libros, que coce a súa obra a lume manso e iso, para min, resulta, malia que non teña que sempre ser así, unha verdadeira garantía pois entende o coitado preciso que exige a construción dunha obra que ha de ser meditada, elaborada e reelaborada, dona dun ritmo pousado e pousada na súa produción. Non hai présas por publicar, e isto define a Lucía, non teño dúbida. Non vou falar aquí das súas obras anteriores mais si me gustaría citar unhas palabras de Lucía a través das cales nos confesa a súa propia poética:

É a poesía para min a necesidade máis íntima, a substancia da vida, o alimento marabilloso, o pan máis exquisito, ave do Paraíso, pracer delicioso, catarse senlleira, viaxes inauditas, círculos purificadores, pomadas reconfortantes...

Imos enchoupándonos de vida e chega un intre en que reside en nós demasiada xiria: a experiencia vai pasando por unha peneira, criba senlleira, e elabóranse versos e palabras, sensacións de fulgor, raiolas lenísimas, metáforas do cotián e da marabilla... (calidoscopio fantástico, transparencia de vidros). O interior é sala luminosa cunha colección de espellos...

Estas palabras axúdannos, creo eu, a entender tamén *Cervatos*, inserido nesa poética que, aventuro, a autora segue a abrazar. Poesía, pois, é para Lucía "substancia da vida", catarse,

- junio 2015
- mayo 2015
- abril 2015
- marzo 2015
- febrero 2015
- enero 2015
- diciembre 2014
- noviembre 2014
- octubre 2014
- septiembre 2014
- agosto 2014
- julio 2014
- junio 2014
- mayo 2014
- abril 2014
- marzo 2014
- febrero 2014
- enero 2014
- diciembre 2013
- noviembre 2013
- octubre 2013
- septiembre 2013
- agosto 2013
- julio 2013
- junio 2013
- mayo 2013
- abril 2013
- marzo 2013
- febrero 2013
- enero 2013
- diciembre 2012
- noviembre 2012
- octubre 2012
- septiembre 2012
- agosto 2012
- julio 2012
- junio 2012
- mayo 2012
- abril 2012
- marzo 2012
- febrero 2012
- enero 2012
- diciembre 2011
- noviembre 2011
- octubre 2011
- septiembre 2011
- agosto 2011
- julio 2011
- junio 2011
- mayo 2011
- abril 2011
- marzo 2011
- febrero 2011
- enero 2011
- diciembre 2010
- noviembre 2010
- octubre 2010
- agosto 2010
- julio 2010
- junio 2010
- mayo 2010
- abril 2010
- marzo 2010
- febrero 2010
- enero 2010
- diciembre 2009
- noviembre 2009
- octubre 2009
- septiembre 2009
- agosto 2009
- julio 2009
- junio 2009
- mayo 2009
- abril 2009
- marzo 2009
- febrero 2009
- enero 2009
- diciembre 2008
- noviembre 2008
- octubre 2008
- septiembre 2008
- julio 2008
- junio 2008
- mayo 2008
- abril 2008
- marzo 2008
- febrero 2008
- noviembre 2007
- agosto 2007

Categorías

- Actos | Actividades
- Animación Lectora
- Autores e Ilustradores
- Bibliotecas | Colectivos
- Campaña "Cantar e Contar" (SXPL)
- Campaña "Palabras no ar" (SXPL)
- Campaña en Santiago

purificación, vida en definitiva. Mais tamén chamo a atención, se me permitides, sobre esa afirmación de que “a experiencia vai pasando por unha peneira”. Talvez poida radicar unha posible lectura deste *Cervatos*, que é un libro de vida, un libro no que se olla a vida, un libro que bebe da experiencia sensorial e vital, un libro no que a vida se peneira para iluminarnos e, ademais, faíno inserido, por fortuna, nunha colección poética onde o tratamento da palabra, do discurso poético e sobre todo dos silencios atopa un acubillo perfecto porque nel se espella ese diálogo sempre necesario entre a voz e o silencio, o branco, un branco limpísimo e brillante, tanto como a neve, e tantas veces tan elocuente.

Cervatos, así pois, comenteino nun texto que publiquei hai algúns días, opta por depurar o sentido do poema, o sentido do verso, o propio sentido da palabra. O emprego, recorrente, reiterado e consciente das enumeracións léxicas e a vontade explícita de focalizar a atención na dimensión semántica e simbólica da palabra eríxese neste libro como un proceso intenso, extenuante, talvez mesmo, doloroso e quen sabe se purificador que, sen dúbida, cómpre vincular coa dinámica rápida dos frames do mundo audiovisual, das películas, das cancións... Porque tamén neste libro hai moita música, música evocada que todas e todos podemos ter na nosa mente, mais tamén unha construción que, por veces, parece agromar dunha inspiración musical determinada, sempre heteróxena, ordenada desde a instancia autoral.

Gústame dicir que as fronteiras da linguaxe nestes poemas, como se di da poesía da poeta María Mariño, se dinamitan, estoupan e suxiren un mariño de interpretación, unha re-codificación impresiva e libérrima, probablemente única e distinta na recepción de cada unha das persoas que se acheguen a eles.

En *Cervatos*, claro é, hai un símbolo, que non é o dos cervos, é o dos cervatos, mais que podemos vincular tamén coa poesía e a música: a cría do cervo, fráxil e fermosa, loxicamente dependente da nai e da manda, é un ser un tanto desvalido e, talvez, inocente, mais tamén claramente gregario o que nos fai pensar na voz da tribo, aquí presente sempre. O cervato, así pois, preséntase como o referente que sostén un contraste continuo porque desde o bosque, onde vive alleo ao paso do tempo e abeirado a unha contorna protectora, a súa presenza sométese agora a unha ollada híbrida na que se desvela ese diálogo cun entorno de asfalto, coa atmosfera máis kitsch e cun son no que reverbera unha crítica á postmodernidade pero á que non se lle dá as costas reutilizando os seus referentes, tantas veces esmaltados cun verniz de ironía, que é un dos elementos máis salientables desta proposta. É un libro plural, heteroxéno, rupturista, fala da memoria, si, tamén do amor, mesmo do amor desde as marxes e a turbulencia dos nosos días. Un libro de contrastes, entre o urbano e o rural cando todo se mestura, de contrastes no uso de rexistros diferentes, de diálogo e diálogos, de obsesións talvez convertidas en elementos clave -velaí o reiterado espiño albar, a neve, os xeranos, os fentos, os tulipáns, as chaquetas de la, o purpúreo, o lobo cerval, o azul índigo, os amorodos... por citar só algunhas referencias recorrentes.

Volvo aos cervos porque Lucía é filóloga e só dunha filóloga se poden atopar, probablemente, palabras como liscanzo, pelicano, buguina..., talvez unha filólogo con oído marabilloso presto a captar a eufonía pode rematar con ese marabilloso *Nightingale* da conclusión: Pero Meogo, inevitable non citalo ao falar deste libro, modernizou un xénero como o das cantigas de amigo ao introducir un símbolo como era o do cervo e talvez non sexa esaxerado que estes *Cervatos* volven modernizar o discurso lírico contemporáneo –non hai leixaprén non, pero non aseguraría eu que o recurso ao paralelismo, ás reiteracións non beban dunha fonte común e renovada transformada agora en imaxes que van e veñen, que van e veñen, que van e veñen. Talvez, con todo, todo isto non se ha ver ata dentro dun determinado tempo, pero alén da referencia literaria gustoume moito o deseño da cuberta que fai pensar máis ca en Pero Meogo, Joan Meendiz de Briteiros ou o xudeu de Elvas -que tamén o usaron como símbolos, aínda tamén pois hai sen dúbida erotismo nestas páxinas e gústame ver os cervatos remexendo aquí non nas augas senón nas consciencias; fai pensar *Cervatos* -dicía- nas pinturas rupestres cuxa reprodución, nalgunhas culturas, está asociada ao espírito e ao corpo, ao misticismo e á beleza, á forza da luz entre as tebras a un corpo que se rexenera polo marabilloso que supón o nacemento dos brotes nos seus cornos. Cos conceptos de renovación e rexeneración, aínda que poida en primeira instancia parecer hiperbólico, quereda quedar. Veremos se o tempo me dá ou quita a razón, veremos mesmo se deste libro se dan tamén, no futuro, brotes ou agromos.

E todo isto mercé o recurso da colaxe e do fragmentarismo; grazas á imaxe visionaria porque a idea case sempre é imaxe; xogando coa percepción libérrima, como apuntei, que obtemos ao ler ou oír as enumeracións, entre as que están tamén as deses espazos e lugares verdadeiros que aquí se nomean: certos porque non están en mapa ningún, mais si na memoria da voz que nos guía. *Cervatos*, dalgún xeito, supón unha invitación para habitar outros espazos, algúns percorridos por voces moi diversas entre as que atopo a de Lois Pereiro por só citar unha, desde outra perspectiva, como se di no libro rouba a transparencia e interpélanos desde a transgresión, desde a cerna da subversión, desde a vontade, iso é colleita miña, de matar dunha vez por todas a Bambi, a esa imaxe descafeinada e docificada, dunha vez, dese Bambi que Walt Disney ocultou e manipulou moitas pasaxes do libro orixinal do autor austríaco Felix Salten, esa versión que tanto dano fixo e estou certo que fai.

Cervatos, cando menos a min, fai pensar que todos somos, no fondo, seres fráxiles, gregarios. Convida á reflexión, repara en obxectos e atmosferas particulares para reivindicar o pensamento pois semella que hai cervatos que nunca medran, que quedan nun estadio de eterna infancia e mocidade que lles impide dar co necesario espírito crítico para se enfrontar coa propia vida, polo que parece que nunca paso o tempo instalados nese non-lugar que é a adolescencia, pero que si pasa, porque tamén neste libro se fala do paso do tempo: un ubi sunt?, no fondo, orixinalmente e brillantemente tratado.

Conclúo: Lucía díxome un día que o paxaro que prefería era o cuco, non se me ocorre outra forma para pechar esta intervención que estes versos do cantigueiro popular: *Canta cuco, canta cuco, / na rabiza do arado; / canta cuco, canta cuco, / que o tempo vaiche acabado*. O meu acabou e agardo que vos fose grato, tanto como supuxo vir a min aquí hoxe e arroupar aos *Cervatos* que nos xuntan. Grazas, Lucía, e que sigamos léndote moitos anos.

- [Carteles/cartaces & marcapáxinas/marcapáxinas](#)
- [Colegios/escolas](#)
- [Espacio Kalandraka](#)
- [Faktoria K](#)
- [General](#)
- [Internacionalización](#)
- [Kalandraka TV](#)
- [Librerías / Librarías](#)
- [Libros](#)
- [Libros para Soñar-A Coruña](#)
- [Libros para Soñar-Vigo](#)
- [O Cartafol do Lérez](#)
- [Premios](#)
- [Reseñas](#)
- [Sin categoría](#)

Meta

- [Acceder](#)
- [RSS de las entradas](#)
- [RSS de los comentarios](#)
- [WordPress.org](#)



Esta entrada fué publicada en [Autores e Ilustradores](#), [Faktoria K](#), [General](#), [Libros](#), [Reseñas](#) y etiquetada [g](#), [Galicia](#). Añada el [enlace permanente](#) a favoritos.

2 Responses to 'CERVATOS', DE LUCÍA NOVAS

1. Pingback: [Con Cervatos, de Lucía Novas, en Bueu | Caderno da crítica](#)
2. Pingback: [Con Cervatos, de Lucía Novas, en Bueu – Librería Aira das Letras](#)

Deja un comentario

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

Comentario

Nombre *

Correo electrónico *

Web

copyright © Kalandraka S.L. 2012. Todos los derechos reservados.